

## ANEXO VI

MODELO DE AUTORIZACIÓN PARA SOLICITAR INFORMACIÓN SOBRE OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA  
SEGURIDADE SOCIAL

NOME/DÑA.	NIF/CIF
DOMICILIO	
ACTUANDO EN REPRESENTACIÓN DE	

## AUTORIZO:

A Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Innovación, Industria e Comercio para que solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Consellería de Economía e Facenda e da Seguridade Social a información a que se refire o artigo 78 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia en relación co cumprimento das miñas obrigas tributarias estatais, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social.

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_

Sinatura

*Resolución do 23 de febreiro de 2005, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se convocan exames ordinarios para a obtención de carnés profesionais no ano 2005.*

A Orde do 27 de decembro de 2000 da Consellería de Industria e Comercio e as súas modificacións, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e exixencias a empresas autorizadas para a instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial, establece no seu artigo 5 que a convocatoria de exames se publicará anualmente, mediante resolución da dirección xeral competente en materia de industria.

En virtude da citada competencia,

**RESOLVO:**

Convocar os exames ordinarios que terán lugar no ano 2005 para a obtención de carnés profesionais, con suxeición ás seguintes bases da convocatoria:

Primeira.-Obxecto da convocatoria.

O obxecto da convocatoria é a obtención de carnés profesionais nas seguintes especialidades:

- Instalador de fontanería.
- Operador industrial de caldeiras.
- Instalador de calefacción e auga quente sanitaria.
- Instalador de climatización.
- Mantedor de calefacción e auga quente sanitaria.
- Mantedor de climatización.
- Certificado de cualificación individual en baixa tensión, categoría básica.

-Certificado de cualificación individual en baixa tensión, categoría especialista.

-Instalador de gas, categoría IG I.

-Instalador de gas, categoría IG II.

-Instalador de gas, categoría IG III.

-Instalador de gas, categoría IG IV.

-Instalador frigorista.

-Conservador-reparador frigorista.

-Instalador de aparellos para a preparación rápida de café.

-Conservador-reparador de aparellos para a preparación rápida de café.

-Instalador de produtos petrolíferos líquidos, categoría IP-I.

-Instalador de produtos petrolíferos líquidos, categoría IP-II.

Segunda.-Datos e lugares de realización dos exames. Tribunais cualificadores.

2.1. Os exames realizaranse nas catro provincias. As probas comezarán ás nove horas nos locais que se indicarán nas listas definitivas de admitidos e excluídos.

2.2. Os membros dos tribunais cualificadores e as datas en que se realizarán os exames serán os que se indican a seguir:

\* Instalador de fontanería.

18 de maio.

15 de novembro.

-Tribunal nº 1:

Presidente: Carlos Gómez Martínez.

Suplente: Eva Vázquez Castelo.  
 Secretario: Félix Queija Pérez.  
 Suplente: Agustina de la Cruz da Rocha.  
 Vogal A Coruña: Julián Lucas Ramírez.  
 Vogal suplente: Roberto Osé Otero.  
 Vogal Lugo: Alberto Mena Rodríguez.  
 Vogal suplente: Isabel Castro Sánchez.  
 Vogal Ourense: Juan R. Velasco González.  
 Vogal suplente: Alfonso Tomás Paz Doniz.  
 Vogal Pontevedra: Eugenio Fernández Piñeiro.  
 Vogal suplente: Ignacio Garnelo Preciado.

\* Operador industrial de caldeiras:

4 de maio.

7 de novembro.

-Tribunal nº 2:

Presidenta: Carmen Vázquez Domínguez.  
 Suplente: Juan José Iglesias Suárez.  
 Secretaria: Sonia Martínez Mosquera.  
 Suplente: José García Rodríguez.  
 Vogal A Coruña: José Jesús María Castro Gómez.  
 Vogal suplente: Alberto Palencia Marroquín.  
 Vogal Lugo: Isabel Castro Sánchez.  
 Vogal suplente: Fernando López García.  
 Vogal Ourense: Alfonso Tomás Paz Doniz.  
 Vogal suplente: Joaquín M. Rodríguez Vázquez.  
 Vogal Pontevedra: Francisco Sánchez-Ulloa Villar.  
 Vogal suplente: Luis Alfaro Aguilar.

\* Instalador de calefacción e auga quente sanitaria.

11 de maio.

10 de novembro.

-Tribunal nº 3:

Presidenta: Eva Vázquez Castelo.  
 Suplente: Carmen Vázquez Domínguez.  
 Secretaria: Andrea Suárez Baquero.  
 Suplente: Félix Queija Pérez.  
 Vogal A Coruña: Isidoro Martínez Arca.  
 Vogal suplente: Roberto Osé Otero.  
 Vogal Lugo: Alberto Mena Rodríguez.  
 Vogal suplente: Fernando López García.  
 Vogal Ourense: Luis Sánchez Labrador.  
 Vogal suplente: Juan R. Velasco González.  
 Vogal Pontevedra: Julio Muñños Mayoral.  
 Vogal suplente: Eugenio Fernández Piñeiro.

\* Mantedor de calefacción e auga quente sanitaria.

26 de maio.

23 de novembro.

O tribunal cualificador estará formado polos mesmos membros que o tribunal nº 3.

\* Instalador de climatización.

19 de maio.

16 de novembro.

-Tribunal nº 4:

Presidenta: Susana Covelo López.  
 Suplente: Eva Áurea García Álvarez.  
 Secretaria: María Diéguez Gómez.  
 Suplente: Alberto Outeiriño Quintas.  
 Vogal A Coruña: Roberto Osé Otero.  
 Vogal suplente: José Jesús María Castro Gómez.  
 Vogal Lugo: Fernando López García.  
 Vogal suplente: Isabel Castro Sánchez.  
 Vogal Ourense: Luis Sánchez Labrador.  
 Vogal suplente: Juan R. Velasco González.  
 Vogal Pontevedra: Julio Muñños Mayoral.  
 Vogal suplente: Eugenio Fernández Piñeiro.

\* Mantedor de climatización.

24 de maio.

21 de novembro.

O tribunal cualificador estará formado polos mesmos membros que o tribunal nº 4.

\* Certificado de cualificación individual en baixa tensión, categoría básica.

23 de maio.

17 de novembro.

-Tribunal nº 5:

Presidente: Carlos Gómez Martínez.  
 Suplente: Susana Covelo López.  
 Secretaria: Agustina de la Cruz da Rocha.  
 Suplente: María Diéguez Gómez.  
 Vogal A Coruña: Roberto Osé Otero.  
 Vogal suplente: Julián Lucas Ramírez.  
 Vogal Lugo: Alberto Mena Rodríguez.  
 Vogal suplente: Isabel Castro Sánchez.  
 Vogal Ourense: Juan R. Velasco González.  
 Vogal suplente: Alfonso Tomás Paz Doniz.  
 Vogal Pontevedra: José Antonio González Cerreda.  
 Vogal suplente: Eugenio Fernández Piñeiro.

\* Certificado de cualificación individual en baixa tensión, categoría especialista.

25 de maio.

22 de novembro.

O tribunal cualificador estará formado polos mesmos membros que o tribunal nº 5.

\* Instalador de gas, categorías IG I e IG III.

10 de maio.

9 de novembro.

-Tribunal nº 6.

Presidente: Juan José Iglesias Suárez.  
 Suplente: Juan Luis Ecenarro Tomé.  
 Secretario: José García Rodríguez.  
 Suplente: Félix Queija Pérez.  
 Vogal A Coruña: José Antonio Gómez González.

Vogal suplente: José Ramón Portilla Pardiñas.  
 Vogal Lugo: Alberto Mena Rodríguez.  
 Vogal suplente: Isabel Castro Sánchez.  
 Vogal Ourense: Luis M. Sánchez Labrador.  
 Vogal suplente: Juan R. Velasco González.  
 Vogal Pontevedra: Julio Muíños Mayoral.  
 Vogal suplente: Francisco Sánchez-Ulloa Villar.  
 \* Instalador de gas, categorías IG II e IG IV.  
 12 de maio.  
 14 de novembro.  
 -Tribunal nº 7:  
 Presidente: Juan José Iglesias Suárez.  
 Suplente: Carlos Gómez Martínez.  
 Secretario: José García Rodríguez.  
 Suplente: Agustina de la Cruz da Rocha.  
 Vogal A Coruña: José Ramón Portilla Pardiñas.  
 Vogal suplente: José Antonio Gómez González.  
 Vogal Lugo: Fernando López García.  
 Vogal suplente: Alberto Mena Rodríguez.  
 Vogal Ourense: Luis M. Sánchez Labrador.  
 Vogal suplente: Juan R. Velasco González.  
 Vogal Pontevedra: Julio Muíños Mayoral.  
 Vogal suplente: Francisco Sánchez-Ulloa Villar.  
 \* Instalador e conservador-reparador frigorista.  
 3 de maio.  
 3 de novembro.  
 -Tribunal nº 8:  
 Presidente: Juan Luis Ecenarro Tomé.  
 Suplente: Carmen Vázquez Domínguez.  
 Secretario: Isabel Álvarez Janeiro.  
 Suplente: Andrea Suárez Baquero.  
 Vogal A Coruña: Roberto Osé Otero.  
 Vogal suplente: Isidoro Martínez Arca.  
 Vogal Lugo: Fernando López García.  
 Vogal suplente: Isabel Castro Sánchez.  
 Vogal Ourense: Alfonso Tomás Paz Doniz.  
 Vogal suplente: Joaquín M. Rodríguez Vázquez.  
 Vogal Pontevedra: Ignacio Garnelo Preciado.  
 Vogal suplente: Juan Llorente Carazo.  
 \* Instalador e conservador-reparador de aparellos para a preparación rápida de café.  
 2 de maio.  
 2 de novembro.  
 -Tribunal nº 9:  
 Presidente: Juan Luis Ecenarro Tomé.  
 Suplente: Susana Covelo López.  
 Secretaria: Isabel Álvarez Janeiro.  
 Suplente: María del Carmen da Costa Picón.  
 Vogal A Coruña: José Jesús María Castro Gómez.

Vogal suplente: Alberto Palencia Marroquín.  
 Vogal Lugo: Isabel Castro Sánchez.  
 Vogal suplente: Fernando López García.  
 Vogal Ourense: Alfonso Tomás Paz Doniz.  
 Vogal suplente: Joaquín M. Rodríguez Vázquez.  
 Vogal Pontevedra: Jesús Gayoso Álvarez.  
 Vogal suplente: Luis Alfaro Aguilar.  
 \* Instalador de produtos petrolíferos líquidos, categoría IP I.  
 30 de maio.  
 24 de novembro.  
 Tribunal nº 10:  
 Presidenta: Eva Áurea García Álvarez.  
 Suplente: Carlos Gómez Martínez.  
 Secretario: Alberto Outeiriño Quintas.  
 Suplente: Agustina de la Cruz da Rocha.  
 Vogal A Coruña: Alberto Palencia Marroquín.  
 Vogal suplente: Isidoro Martínez Arca.  
 Vogal Lugo: Alberto Mena Rodríguez.  
 Vogal suplente: Isabel Castro Sánchez.  
 Vogal Ourense: Juan R. Velasco González.  
 Vogal suplente: Alfonso Tomás Paz Doniz.  
 Vogal Pontevedra: Juan Llorente Carazo.  
 Vogal suplente: Francisco Asensio Fernández-Castanyas.  
 \* Instalador de produtos petrolíferos líquidos, categoría IP II.  
 9 de maio.  
 8 de novembro.

O tribunal cualificador estará formado polos mesmos membros que o tribunal nº 10.

2.3. O tribunal cualificador correspondente resolverá cantas incidencias se susciten no eido da presente convocatoria. Para os efectos de comunicación e demais incidencias, os tribunais terán a súa sede na Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Innovación, Industria e Comercio da Xunta de Galicia.

2.4. Os membros dos tribunais percibirán as indemnizacións correspondentes segundo o establecido no artigo 26.º do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceira.-Requisitos dos aspirantes.

Para seren admitidos á realización das probas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

-Atoparse en idade legal laboral ou ter cumprida a idade mínima que, se é o caso, poida exixir a normativa sectorial correspondente.

-Estar en posesión ou en condicións de obter o título ou certificado da especialidade solicitada, de conformidade co establecido no anexo da Orde do 27 de decembro de 2000. No caso de instalador de produtos petrolíferos líquidos, categorías IP I e IP II, na Orde do 21 de novembro de 2001 e, no caso do certificado de cualificación individual en baixa tensión, categorías

básica e especialista, no Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

Estes requisitos deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

#### Cuarta.-Solicitudes e documentación.

4.1. Os aspirantes deberán solicitar a súa admisión ás probas mediante instancia dirixida ao delegado provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio que corresponda, segundo o modelo que figura no anexo.

4.2. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, nas súas delegacións provinciais ou nos lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4.3. Xunto coa solicitude modelo será preciso presentar a seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade.

b) Dúas fotografías tamaño carné.

c) Copia compulsada do certificado ou do título de estudos e/ou, de ser o caso, certificado de asistencia e superación do curso teórico-práctico impartido por unha entidade recoñecida pola Consellería de Innovación, Industria e Comercio.

d) Acreditación da experiencia laboral para o caso previsto na alínea b.1) do punto 4.2 da ITC-BT-03 do Regulamento electrotécnico para baixa tensión. A acreditación da experiencia estará formada documentalmente por:

-Vida laboral expedida polo Instituto Nacional da Seguridade Social.

-Certificación das empresas en que se exerceu a actividade.

e) Xustificante para a Administración do impreso correspondente de autoliquidación de taxas en concepto de dereitos de exame (clave 32.07.01, importe 35,27 euros) debidamente validado pola entidade bancaria onde se realice o ingreso.

#### Quinta.-Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes para a realización dos exames para a obtención do carné profesional nas especialidades que correspondan comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e rematará o 4 de abril para a convocatoria de maio e o 3 de outubro para a convocatoria de novembro.

#### Sexta.-Admisión de solicitudes.

6.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase a lista provisoria de admitidos e excluídos nos taboleiros de anuncios das delegacións provinciais. Esta lista tamén se poderá consultar no teléfono de información da Consellería de Innovación, Industria e Comercio (981 54 43 41) e na páxina web da Xunta de Galicia ([www.xunta.es](http://www.xunta.es)).

6.2. Os aspirantes excluídos, así como os que non figuren nas relacións de admitidos nin na de excluídos,

disporán de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da devandita publicación no taboleiro de anuncios da correspondente delegación provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio para a emenda de defectos.

#### Sétima.-Desenvolvemento dos exames.

7.1. Os exames estarán constituídos por dúas partes que se desenvolverán no mesmo día nas datas que se recollen na base segunda desta resolución.

Primeira parte: estará constituída por un exercicio teórico escrito, consistente na resolución dun cuestionario proposto polo tribunal sobre as materias regulamentarias establecidas para cada especialidade.

Segunda parte: consistirá nun suposto práctico ou nunha proba práctica que versará sobre unha ou varias operacións propostas polo tribunal en relación cos requirimentos prácticos establecidos para cada especialidade. Neste exercicio os candidatos poderán utilizar o correspondente regulamento técnico.

7.2. Para a realización do exame os candidatos deberán ir provistos para cada exercicio do seu documento nacional de identidade, lapis, goma de borrar e bolígrafo negro.

#### Oitava.-Cualificación dos exames.

8.1. A puntuación mínima para superar cada parte corresponderá á metade do valor da puntuación máxima posible da dita parte. Na parte teórica a nota formarase de acordo coa expresión «nº de respostas correctas-(nº de respostas incorrectas/3)».

8.2. Os exames cualificaranse como aptos ou non aptos. Para ser considerado apto deberanse aprobar as dúas partes independentemente.

#### Novena.-Lista de aprobados.

O tribunal cualificador publicará a relación provisoria de aprobados por provincias e dará traslado desta ás catro delegacións provinciais para a súa publicación nos respectivos taboleiros de anuncios. Esta relación tamén se poderá consultar no teléfono de información da Consellería de Innovación, Industria e Comercio (981 54 43 41) e na páxina web da Xunta de Galicia ([www.xunta.es](http://www.xunta.es)).

Os interesados disporán dun prazo de dez días naturais desde a publicación da relación provisoria de aprobados para formular reclamacións ante o tribunal. Finalizado o prazo, o tribunal enviaralle proposta das listas de aprobados ao director xeral de Industria, Enerxía e Minas, que as elevará a definitivas mediante resolución e dará traslado delas ás catro delegacións provinciais para a súa publicación nos respectivos taboleiros de anuncios. Contra a dita resolución poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a partir da publicación nos taboleiros de anuncios.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Innovación, Industria e Comercio no prazo dun mes desde a súa publicación.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2005.

Ramón Ordás Badía  
Director xeral de Industria, Enerxía e Minas

## ANEXO



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,  
 INDUSTRIA E COMERCIO**

PROCEDIMENTO <b>INSCRIPCIÓN NAS PROBAS DE CAPACITACIÓN DE INSTALADORES EN MATERIA DE SEGURIDADE INDUSTRIAL</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>IN613A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

## DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	NIF/CIF	
ENDEREZO			
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

## SOLICITA:

Inscripción nas probas para a obtención do carné profesional que se indica:

Carné profesional: \_\_\_\_\_ Data da proba: \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_

## DOCUMENTACIÓN NECESARIA

- DNI.
- 2 FOTOGRAFÍAS TAMAÑO CARNÉ.
- TITULACIÓN REQUIRIDA SEGUNDO O CARNÉ.
- CERTIFICADO DE APROVEITAMENTO DO CURSO IMPARTIDO POR UNHA ENTIDADE DE FORMACIÓN AUTORIZADA (SE PROCEDE).
- ACREDITACIÓN DA EXPERIENCIA LABORAL (SE PROCEDE).
- XUSTIFICANTE DE LIQUIDACIÓN DE TAXAS (CLAVE 32.07.01).

*A documentación que non sexa orixinal deberá encontrarse debidamente compulsada.*

## OBSERVACIÓNS

## LEXISLACIÓN APLICABLE

-Orde do 27 de decembro de 2000 pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e exixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.

-Orde do 25 de marzo de 2002 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e exixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.

-Orde do 13 de xaneiro de 2004 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e exixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.

-Resolución do 23 de febreiro de 2005, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se convocan exames ordinarios para a obtención de carnés profesionais no ano 2005.

## SIGNATURA DO SOLICITANTE

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

## (Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

Delegado/a provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio en \_\_\_\_\_

*Resolución do 23 de febreiro de 2005, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se convocan exames ordinarios para a obtención do carné profesional de operador de guindastre móbil autopropulsado no ano 2005.*

A Orde do 27 de decembro de 2000 da Consellería de Industria e Comercio e as súas modificacións, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e exixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial, establece no seu artigo 5 que a convocatoria de exames se publicará anualmente, mediante resolución da dirección xeral competente en materia de industria.

En virtude da citada competencia,

**RESOLVO:**

Convocar os exames ordinarios que terán lugar no ano 2005 para a obtención do carné profesional de operador de guindastre móbil autopropulsado, con suxeición ás seguintes bases da convocatoria:

Primeira.-Obxecto da convocatoria.

O obxecto da convocatoria é a obtención de carnés profesionais nas seguintes especialidades:

-Operador de guindastre móbil autopropulsado, categoría A.

-Operador de guindastre móbil autopropulsado, categoría B.

Segunda.-Datos e lugares de realización dos exames. Tribunais cualificadores.

2.1. Os exames realizaranse nas catro provincias. As probas comezarán ás nove horas nos locais que se indicarán nas listas definitivas de admitidos e excluídos.

2.2. Os membros dos tribunais cualificadores e as datas en que se realizarán os exames serán os que se indican a continuación:

\* Operador de guindastre móbil autopropulsado, categoría A.

12 de abril.

14 de xuño.

18 de novembro.

-Tribunal nº 1:

Presidente: Juan Luis Ecenarro Tomé.

Suplente: Carmen Vázquez Domínguez.

Secretaria: María del Carmen da Costa Picón.

Suplente: Isabel Álvarez Janeiro.

Vogal A Coruña: Isidoro Martínez Arca.

Vogal suplente: Julián Lucas Ramírez.

Vogal Lugo: Isabel Castro Sánchez.

Vogal suplente: Alberto Mena Rodríguez.

Vogal Ourense: Joaquín M. Rodríguez Vázquez.

Vogal suplente: Alfonso Tomás Paz Doniz.

Vogal Pontevedra: Ignacio Garnelo Preciado.

Vogal suplente: Eugenio Fernández Piñeiro.

\* Operador de guindastre móbil autopropulsado, categoría B.

19 de abril.

21 de xuño.

25 de novembro.

O tribunal cualificador estará formado polos mesmos membros que o tribunal nº 1.

2.3. O tribunal cualificador correspondente resolverá cantas incidencias se susciten no eido da presente convocatoria. Para os efectos de comunicación e demais incidencias, os tribunais terán a súa sede na Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Innovación, Industria e Comercio da Xunta de Galicia.

Terceira.-Requisitos dos aspirantes.

Para seren admitidos á realización das probas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión do título de estudos primarios, excepto no caso de que se poida acreditar a experiencia á que fai referencia a disposición transitoria única do Real decreto 837/2003, do 27 de xuño, polo que se aproba o novo texto modificado e refundido da instrución técnica complementaria «MIE-AEM-4» do Regulamento de aparellos de elevación e manutención, referente a guindastres móbiles autopropulsados.

b) Ter cumpridos 18 anos no momento de realizar a solicitude do curso que se cita na alínea c).

c) A superación dun curso teórico-práctico ou, no caso de que se poida acreditar a experiencia sinalada na alínea a), teórico, impartido por unha entidade acreditada pola Consellería de Innovación, Industria e Comercio da Xunta de Galicia.

d) Superar un exame médico, psicotécnico e físico, específico para este tipo de actividades, que inclúe exame sobre agudeza visual, sentido da orientación, equilibrio e agudeza auditiva.

Estes requisitos deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Cuarta.-Solicitudes e documentación.

4.1. Os aspirantes deberán solicitar a súa admisión ás probas mediante instancia dirixida ao delegado provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio que corresponda, segundo o modelo que figura no anexo.

4.2. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, nas súas delegacións provinciais ou nos lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4.3. Xunto coa solicitude modelo será preciso presentar a seguinte documentación:

a) Copia compulsada do documento nacional de identidade.

b) Dúas fotografías tamaño carné.

c) Documento que acredite a superación dun exame médico, psicotécnico e físico, específico para este tipo de actividades, que inclúa exame sobre agudeza visual, sentido da orientación, equilibrio e agudeza auditiva.